

SENDEIRO QUINTA- RÍO DONSAI

16 DECEMBRO 2023

Club de Montaña O Carroucho

www.carroucho.org



Trátase dunha das rutas máis bonitas existentes no municipio de Becerreá, dentro do espazo natural de Ancares, na que se poden considerar belas paisaxes e, sobre todo, excepcionais bosques autóctonos de grande valor ecolóxico, admirando numerosos elementos etnográficos como muíños, minicentrais eléctricas, ouriceiras, construcións típicas, fervezas, antigas minas, etc, e visitando un bo número de pobos e aldeas da zona.

É de destacar tamén que máis do 60% da ruta discorre por zonas de sombra e vexetación autóctona de castiñeiros, carballos e outras especies autóctonas.


Partimos da aldea do Couso, situada a uns 800 m. de altitude, dende a cal se pode obter unha visión fantástica de toda esta parte da serra de Ancares, con numerosos pobos e toda unha sucesión de vales e montañas de perfil suave característicos desta rexión. Dende esta aldea comezamos a camiñar por camiños de pouco uso que comezan a descender cara ao val. Bordeamos o monte O Aguillón (844 m.) e chegamos á segunda aldea da ruta: Santa Eulalia de Quintá (Quintá de Cancelada), interesante aldea con bos exemplos de arquitectura tradicional da zona e que conta con algún resto de pallozas. Proseguimos a ruta camiñando por un sendeiro máis estreito que se bifurca no Teso das Táboas, dende cuxa aba divísase unha bonita panorámica da rica vexetación e paisaxe do río Donsal, camiño da Fraga de Valiñas, onde poderemos observar varios e valiosos elementos etnográficos da zona entre os cales se achan varias ouriceiras e unha minicentral eléctrica.

Introducímonos en belos bosques con gran variedade de vexetación e moitos tipos de árbores, destacando impresionantes castiñeiros na zona coñecida como Son-A Móa. Saímos á estrada e desvíamonos á dereita por un souto de castiñeiros e os prados das veigas, aínda en Quintá. Tras enlazar co vello camiño de carro de Quintá a Sevane, cruzamos o río Donsal, sobre unha ponte de madeira e seguimos polo antigo camiño ata chegar a Sevane.

Seguimos a ruta baixando de novo ata o río Donsal, podendo visitar a antiga mina que queda á esquerda.

Seguimos polo medio de bosques mixtos e soutos de castiñeiros, sempre nas proximidades do río Donsal, podendo contemplar algúns muíños nos prados da Cortella para logo ascender por camiño de carro ata chegar á aldea de Buisán, que conta coa capela de San Xoán.

Desvíamonos cara á aldea de Arroxiña, pola aba da Cogoma, con belas vistas da aldea de Penamil, Mazaira, montes de Tucende, de Bullán, así como do ámbito de Cabana de Cervantes, alcanzando de novo o río e cruzando a ponte para chegar ata Cabana, punto final do noso percorrido.



DATOS BÁSICOS

Comezo: O Couso
Remate: Cabana
Distancia lineal: 15,8 km.
Duración: 6 h aprox.
Dificultade: Baixa-Media
Altura máxima: 870 m
Altura mínima: 329 m
Acumul. subida: 615 m
Acumul. Baixada: 990 m



PRÓXIMA ACTIVIDADE:
REUNIÓN ANUAL DE SOCIOS
20 DECEMBRO